

---

# PAN DE MILLO

Textos de **MARÍA CAMPOS** e **CARLOS YUS (MIGALLAS)**

Ilustracións de **DANI PADRÓN**

Arranxos, produción musical e prólogo de **MAGOIA BODEGA**  
e **PAULO NOGUEIRA**

---

Encadernado en cartón. 16 x 16 cm. 64 páx. 20 €.

ISBN 978-84-8464-847-5. Libro-disco.

MELLOR PORTADA DE LIX 2013 (FERVENZAS LITERARIAS)  
PREMIO ISAAC DÍAZ PARDO AO MELLOR LIBRO ILUSTRADO (AGE, 2014)


*...Nesta ocasión, ofrecémosvos temas de creación propia salferidos con versións de cancións tradicionais. Con estas cancións, nadas da terra, da auga, do sol, do traballo e da alegría dos nosos avós, queremos contribuír a espallar a inmensa riqueza cultural herdada dos nosos maiores, mediante o xogo e a diversión...*

[Fragmento do texto de *Pan de millo*]

“Pan de millo” é un libro-disco dirixido a público familiar no que Migallas Teatro reúne 14 cancións infantís e versións de temas tradicionais que interpreta nos seus espectáculos e actividades de expresión dramática. Os arranxos e adaptacións están feitos por Magoia Bodega e Paulo Nogueira, músicos e educadores, membros do grupo Treixadura e moi vencellados a proxectos de divulgación da música galega tradicional. Canda eles, intérpretes do prestixio de Pancho Álvarez, César Longa, Begoña Riobó ou Segundo Grandío, entre outros artistas.

É o segundo proxecto musical de Migallas despois de “Canta connosco!”, considerado un “revulsivo” no eido da música galega infantil. Co proceso de elaboración do pan de millo como fío condutor, este traballo está pensado para seguir practicando o xogo e a diversión, recuperar a memoria dos avós e avoas, e contribuír á transmisión da lingua. No repertorio conviven ritmos autóctonos -como muiñeiras, pandeiradas e pasodobres- con melodías de inspiración latinoamericana. Os temas de creación tratan cuestións actuais como a colaboración fronte á competición, a promoción da paz ou o exceso de actividades extraescolares. Tamén se inclúen propostas de expresión plástica e dramática.

A partir das cancións, Dani Padrón crea unhas ilustracións que destacan pola frescura, o colorido e a ledicia que transmiten os personaxes.



- **Temática:** cancións tradicionais e de creación.
- **Idade recomendada:** para todas as idades, a partir de 2 anos.
- **Aspectos destacables:** educación musical, cancionero infantil, expresión dramática, músicas do mundo, xogos, aspectos da vida cotiá, cultura popular; prólogo de Magoia Bodega e Paulo Nogueira; textos explicativos que contextualizan as cancións.
- **Pezas:** Miña ‘Abuela Manuela’ - O piollo e a pulga - As actividades - Pan de millo - Os piratas limpos - O tiroliro - Campás pola paz - Unha vella tiña un can - Que cousa, cousiña é? - Pinocho - O espantallo divertido - Eu teño un canciño - Rodari - O moucho.

## Migallas

A creación de Migallas como grupo de teatro afeccionado data de 1992 e dende 1996 é unha compañía profesional fundada por María Campos e Carlos Yus. Na súa traxectoria suman máis dun milleiro de actuacións por toda Galicia. Ademais da montaxe de espectáculos teatrais e sesións de contacontos, realizan talleres de expresión dramática a través de concellos, asociacións e colexios; é o caso da actividade “Á procura do tesouro” en Pontevedra, que coordinan dende o ano 1999 e pola que xa pasaron máis de 2000 rapaces e rapazas de 4 a 16 anos. Tamén realizan visitas culturais teatralizadas polo Centro Histórico e polo Museo de Pontevedra. Gravarón o disco “Canta connosco!” en 1996 e editaron o libro “Un avó especial” a partir dunha das súas obras, sobre a doenza do Alzheimer.  
[www.migallas.com](http://www.migallas.com)

## Dani Padrón

(Ourense, 1983)

Arquitecto pola ETSA da Coruña. Chegou á ilustración a través da caricatura e do cómic, tras gañar un accésit no IX Concurso Galego de Caricaturistas Noveis (Ourense, 2009) e un segundo premio no XIV Certame de Cómic de Cangas en 2010. Comezou a súa andaina como ilustrador infantil en 2011 co premio Pura e Dora Vázquez. Dende entón publicou varios álbums. <http://daniipadron.blogspot.com.es>

---

[www.kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)

[comunicacion@kalandraka.com](mailto:comunicacion@kalandraka.com)

---